



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO REXISTRO XERAL 29. XUN 92 06475 - SAIDA
---

A posibilidade de simultanear estudos conducentes a diferentes titulacións ven sendo aurotizada polas autoridades académicas sin mais requisitos que ter superado íntegramente as materias que compoñen o primeiro curso.

O incremento do número de titulación con limitación de prazas require non soamente unha cuidada valoración dos expedientes dos alumnos, senon que tamen hanse adopta-las medidas necesarias para que poidan acceder á educación debe prevalecer sobre o dereito a simultanear estudos universitarios dos que estan sometidos a limitación de prazas, establecendo os impedimentos oportunos co fin de que poidan acceder a ditos estudos no maior número posible de alumnos.

Non obstante os alumnos que reunan os requisitos que se establecen na presente resolución podrán simultanear estudos ben entre os que non teñan limitación de prazas ou entre un de éstos e un sometido a limitación.

A universidade e compoetente para establecer o rexime do seu alumnado consonte o disposto no artigo 3,2,h) da Lei de Reforma Universitaria.

ES POR TODO LO EXPUESTO POR LO QUE ESTE RECTORADO HA RESUELTO:

**PRIMEIRO.- CONCEPTO DE SIMULTANEIDADE DE ESTUDIOS.**

Entenderase simultaneidade de estudos cando un alumno sexa autorizado para a realización de dous ou mais estudos conducentes a titulacións oficiais diferentes.

Non se considera simultaneidade, e en consecuencia non serequire autorización algunha, cando o alumno formalice matrícula para a realización de duas ou mais especialidades, opcións ou calquera outra denominación dun mesmo título oficial.

**SEGUNO.- REQUISITOS.**

Para poder simultanear estudos requerirásese en todo caso que o alumno superase as materias das que deba matricularse obrigatoriamente no primeiro curso consonte a convocatoria de matrícula ordinaria e ser autorizado pola autoridade competente.



**TERCEIRO.- IMPEDIMENTOS.**

En ningún suposto poderán simultanearse duas titulacións sometidas a limitación de prazas.

**CUARTO.- PROCEDEMENTO.**

1ª) A solicitude de simultaneidade de estudos deberá presentarse na administración que xestione a titulación que se esté cursando.

2ª) Na administración do centro evacuará informe sobre se o alumno cumpre o requisito de ter superado integramente as materias das que obrigatoriamente deba cursar no primeiro curso, e remitirse, se procede e consonte o disposto no apartado seguinte, a autoridade competente para resolvela petición.

**QUINTO.- AUTORIDADES COMPETENTES PARA A RESOLUCIÓN**

1ª) O Rector resolverá o expediente de simultaneidade de estudos entre titulacións que se dispensen en Centros distintos.

2ª) Delégase nos Decanos e Directores dos Centros a competencia para resolver as solicitudes de simultaneidade cando estas sexan entre titulacións que dispensen no Centro da súa dirección. A resolución deberá advertir a posibilidade de interpoñer recurso de Reposición perante o Rector.

**SEXTO.- SIMULTANEIDADE DE ESTUDIOS EN DUAS UNIVERSIDADES.**

1.- Os alumnos que matriculados en outras Universidades desexen simultanea-los estudos cos que se impartan na Universidade de Santiago de Compostela, lles será de aplicación o impedimento do apartado terceiro se os estudos nos que se encuentre matriculado na Universidade de orixen están sometidos a limitación de prazas.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.- O procedemento nestes supostos será o establecido na Orde de Ministerios de Educación e Ciencia de 28 de Setembro de 1984 ( B.O.E. do 9 de outubro).

#### NORMA FINAL

A Orde do Ministerio de Educación e Ciencia de 28 de Setembro de 1984 ( B.O.E. do 9 de outubro), non será de aplicación os procedimiertnos de simultaneidade de estudos entre titulacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Queda sin efecto a partir do día seguinte do rexistro de saída da presente Resolución a Resolución rectoral de 14 de setembro de 1988, pola que se regulaban aspectos da simultaneidade de estudos.

Santiago, 29 de xuño de 1992  
O RECTOR

Ramón Villares Paž

ILMOS. SRS DECANOS E DIRECTORES DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.  
SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO  
SRS. XEFES DE ADMINISTRACIÓN DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.